

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA PARA A CONSTRUCCIÓN DO CENTRO EUROPEO DE INVESTIGACIÓN EN PAISAXES CULTURAIS (CEIPAC) E A ADECUACIÓN DE ESPAZOS PARA SERVIZOS DO CONSORCIO INTERUNIVERSITARIO DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (CISUG), E DA AXENCIA PARA CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (ACSUG).

Santiago de Compostela, 04 de xullo de 2018

COMPARECEN

D. Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, nomeado mediante o Decreto 148/2016, do 13 de novembro (DOG núm. 217 do 14 de novembro), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

D. Jesús Oitavén Barcala, en calidade de Secretario do Padroado da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, conforme as facultades delegadas outorgadas para o efecto polo Padroado da Fundación na sesión do 13 de decembro de 2017, e poder escriturado ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia Don Hector Ramiro Pardo García, en data de 06 de marzo de 2018 co seu número de protocolo 303.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (en diante A Consellería) asume dentro das súas competencias a misión de planificar e coordinar o Sistema universitario de Galicia (en diante SUG), composto polas tres universidades públicas: A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.

Neste ámbito, e consonte ao disposto no artigo 66 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, a Consellería e as tres universidades públicas galegas veñen de constituír o Consorcio Universitario Galego (CISUG) que permite a xestión coordinada de servizos da súa competencia e a consecución de fins de interese común. Este nova entidade integrará estruturas xa existentes como:

O Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións de Xestión Universitaria (CIXUG)

O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (BUGALICIA)



A Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG)

A xestión agrupada dos servizos que prestaban estas entidades, agora no ámbito do CISUG, veríase notablemente reforzada pola ocupación dun espazo común o que facilitaría o traballo coordinado conxunto dun xeito máis racional e eficiente.

Cómpre sinalar tamén que, segundo disposto no artigo 69 da Lei 6/2013, o consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), é a entidade encargada de promover a mellora da calidade no SUG. Está dotada de personalidade xurídica de seu e a súa actividade está suxeita ás normas que rexen a organización, o funcionamento e a actuación das administracións públicas, así como ao establecido no seu convenio de creación e no seu estatuto. A garantía da calidade do SUG constitúe a finalidade primordial da ACSUG e polo tanto ten un ámbito de acción transversal que se estende a todos os axentes do Sistema. Na actualidade, e atendendo ás súas necesidades de funcionamento a ACSUG precisa dotarse de novos espazos, para dar acaída resposta a funcións cada vez máis complexas, que poderían desenvolverse cunha maior eficacia.

En atención as competencias que asume a Consellería en relación co fortalecemento da investigación, asúmese que a evolución da actividade investigadora nos próximos anos estará vinculada de maneira crecente á agrupación de recursos e capacidades ao redor de estruturas de gran dimensión, nas que se persegue o logro de obxectivos de investigación ambiciosos baseados na explotación das fortalezas dos sistemas rexionais e nacionais de investigación de maneira coordinada.

Que logo dunha estratexia, planificación e accións de fomento continuadas desenvolveuse un programa de actuación que xerou unha rede de Centros Singulares de Investigación no ámbito do SUG, que na actualidade está consolidando un modelo de referencia de investigación supragrupal colaborativa en ámbitos relevantes do coñecemento. Porén, cómpre tomar consciencia que hai unha eiva de infraestruturas que permitan soportar unha investigación de calidade nos campos das Humanidades e Ciencias Sociais, nos que Galicia posúe unha grande capacidade, polo que resulta oportuno impulsar un centro de investigación e innovación no seo do SUG nestes ámbitos temáticos.

Que para tal fin, e a través da Secretaría Xeral de Universidades, elaborouse un documento estratéxico que define a creación dun Centro de Investigación, dentro do ámbito do SUG, que se ocupe destas materias e que sitúe o seu foco de traballo na definición de liñas de estudo e investigacións das paisaxes culturais como ámbito temático máis relevante. Este Centro adoptará provisionalmente a denominación de Centro Europeo de Investigación de Paisaxes Culturais (CEIPAC).

Que, complementariamente, enténdese oportuno explorar a posibilidade de reubicar o Centro Superior de Computación de Galicia neste contexto como elemento tractor e prestador de servizos comúns de apoio ás tarefas de investigación, promovendo en Galicia unha contorna de traballo na área do cálculo intensivo, comunicacións e servizos avanzados na sociedade da información e o coñecemento, e de contribución ao avance da Ciencia e a Tecnoloxía, mediante a



investigación e aplicación de computación e comunicacións de altas prestacións, para a construción do CEIPAC, así como para acomodar os servizos relacionados co CISUG e a ACSUG. Enténdese como óptima a súa ubicación no denominado edificio Fontán da Cidade da Cultura (CdC) tendo en conta as sinerxias que se poden xerar entre eles e cos outros edificios e funcións xa existentes na propia CdC.

SEGUNDO.- Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia (en diante FCdC) foi constituída o 27 de decembro de 1999, mediante escritura pública outorgada ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia, D. José Antonio Montero Pardo, co número 2.825 do seu protocolo, como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen animo de lucro, con patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da institución.

Mediante a Orde da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000, (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a FCdC como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería da Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta consellería co número 73. A FCdC de Galicia forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria exerce o seu protectorado e o conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación.

TERCEIRO.- Que a FCdC de Galicia ostenta a titularidade da "Cidade da Cultura de Galicia"(CdC), un innovador e vangardista complexo construtivo, de singular valor arquitectónico e cultural, deseñado por Peter Eisenman, situado no monte Gaiás en Santiago de Compostela. A CdC inclúe diversas edificacións, infraestruturas, viais, áreas de lecer e zonas verdes, representando en conxunto un proxecto estratéxico de gran importancia dentro da vida cultural da Comunidade Autónoma de Galicia. No seo deste complexo atópase, aínda sen rematar de construír, a estrutura do edificio Fontán.

Segundo o artigo 6 dos estatutos da FCdC de Galicia constitúe o seu obxecto social "a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa nu espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural".

Para a consecución dos fins mencionados no punto anterior, e consonte o previsto no artigo 7 dos seus estatutos, a FCdC de Galicia pode realizar as actividades "necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura", as que "contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía", "cantas dinamicen o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da nosa cultura" e "as axeitadas para posicionar ao Gaiás como referente internacional de reflexión, debate e formación no ámbito da innovación na xestión cultural...", entre outras.



CUARTO.- Que Europa 2020 é a estratexia da Unión Europea para facer fronte á crise e converter á UE nunha “economía intelixente, sustentable e integradora que goce de altos niveis de emprego, de produtividade e de cohesión social”. Nesta estratexia a Comisión considera que o apoio á investigación e á innovación terá que desenvolverse ao redor de tres grandes obxectivos: a excelencia científica, as industrias competitivas e unha mellor sociedade. Non se debe esquecer que, no marco estratéxico común 2014-2020, a Comisión Europea considera a innovación como un dos obxectivos temáticos aos que se destinarán os fondos comunitarios nese período. O investimento público orientarase ao que se denomina “concentración temática”, cunha política aplicada a prioridades moi concretas que favorezan o crecemento, a adecuación dos fondos ás propostas das rexións onde se apliquen, seguindo unha estratexia de gasto baseada nas súas propias necesidades e retos do seu desenvolvemento.

Por outra banda, a Estratexia RIS3 Galicia-Norte de Portugal conclúe que as áreas científicas de Letras e outras Ciencias Sociais, xunto coas de Economía e Xestión, posúen elevados índices de capital humano que as converten en nichos cun crecemento potencial elevado nas áreas de I+D+i. Aí a RIS3 Transfronteiriza propón como obxectivos incrementar a eficiencia e eficacia das políticas públicas do sistema rexional e interrexional, explorar as sinerxias obvias nos campos de innovación e internacionalización da I+D+i aumentando a masa crítica existente.

QUINTO.- Que as actuacións previstas no presente convenio son coherentes co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, correspondéndose co Eixo E1 (“Empregabilidade e crecemento intelixente”), e en concreto con:

Prioridade de actuación PA01 (“Impulso de consolidación das políticas de gasto vencelladas ao I+D+i”), no obxectivo estratéxico E02 (“Mellorar a capacidade investigadora e os resultados da investigación universitaria galega”).

Prioridade de actuación PA05 (“Consolidar un sistema educativo que minimice o fracaso escolar”), no obxectivo estratéxico E02 (“Mellorar a calidade da docencia e da oferta docente do SUG”).

SEXTO.- Que por acordo unánime da Comisión do Seguimento do Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020, en reunión celebrada o día 8 de marzo de 2018 en Santiago de Compostela, decidiuse a achega para implantación dun complexo de investigación e innovación do SUG na CdC (que inclúe a proposta de creación do CEIPAC e a acomodación de diferentes servizos que prestará o CISUG) de fondos procedentes do dito plan de financiamento a través dun convenio de colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

As actuacións de mellora de servizos transversais e de I+D+i, estenderanse ás tres universidades galegas, potenciando a racionalización do mapa universitario, podendo beneficiarse todos os grupos de investigación e agrupacións estratéxicas do SUG. Polo tanto trátase dunha acción coordinada que inclúe a todos os posibles beneficiarios para o mesmo fin e non é preciso acudir a un procedemento de concorrencia competitiva.



SÉTIMO.- Que, a partir da situación actual, a Consellería e a FCdC consideran necesario colaborar para impulsar a ordenación, estruturación do SUG e a potenciación da investigación universitaria en Galicia no campo das Ciencias Sociais e das Humanidades.

Por conseguinte, as partes abaixo asinantes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería e a FCdC, para executar accións destinadas á construción do Centro Europeo de Investigación en Paisaxes Culturais (CEIPAC), como centro de investigación en Ciencias Humanas e Sociais do SUG, e a adecuación de espazos para servizos do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) e da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), así como a posible ubicación do CESGA, no edificio Fontán da CdC.

Dunha parte, os servizos científicos que prestaría o CEIPAC contribuirán a axudar a que a CdC poida erixirse nun equipamento avanzado da Sociedade do Coñecemento, entendendo como esencial que a oferta da CdC culmine cun dispositivo científico ligado ao SUG, de modo que o conxunto do complexo pódese ver beneficiado pola dinámica xerada desde uns servizos desta índole. Neste sentido o CEIPAC configúrase asemade como un xerador de contidos intrinsecamente vencellado coas dinámicas expositivas do espazo cultural.

Doutra banda, a ubicación no complexo da CdC de todas estas accións presenta como principal vantaxe a xestión compartida dunha serie de espazos e servizos existentes e/ou de nova creación. Así, a unificación de servizos do CISUG supón unha indubidable mellora que repercute nunha xestión máis racional e eficiente, creando sinerxías entre servizos distintos que traballan sobre un mesmo universo ou ben xerando servizos compartidos que doutro xeito serían moito máis custosos. Nun sentido parecido repercutiría a nova localización da ACSUG neste complexo interuniversitario.

Complementariamente a instalación de todas estas funcións transversais do SUG no edificio Fontán axudará a concretar o criterio de desvinculación dos servizos que afectan a toda a comunidade universitaria galega cunha universidade concreta.

SEGUNDA.- Accións propostas

As accións propostas inclúen a realización das seguintes actividades:


- Redacción do custo de elaboración de criterios de sustentabilidade do edificio.
- Redacción do proxecto básico e de execución.
- Construción do edificio.



- Dirección e coordinación da obra.

As actuacións a realizar , desenvolveranse de acordo co seguinte cronograma de actividades e distribución orzamentaria:

**Edificio Fontán
CRONOGRAMA**



Desagregación

Obra + Control	16.558.073,67 euros
Proxecto+Dirección	400.000 euros

TERCEIRA.- Obrigas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

A Consellería obrígase a:

Para contribuír aos obxectivos expostos na cláusula primeira a Consellería comprométese a financiar os importes sinalados na cláusula quinta deste Convenio para as accións descritas, previa acreditación do gasto de acordo coa normativa aplicable.

Apoiar á Fundación Cidade da Cultura de Galicia na definición dos proxectos para levar a cabo as actuacións contempladas na cláusula segunda para o desenvolvemento do presente acordo, no eido das súas competencias.

Facilitar toda a información necesaria para levar a cabo as actuacións, garantindo a corrección e veracidade das mesmas e destinar os recursos necesarios que fagan posible a correcta execución das ditas actuacións.

CUARTA.- Obrigas da Fundación da Cidade da Cultura

A FCdC obrígase a:

Por a disposición os terreos e estruturas necesarias para a construción do CEIPAC, a adecuación de espazos para servizos do Consorcio Interuniversitario de Galicia (CISUG) e da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), así como servizos do CESGA.

A respectar os usos que se asignan durante un período de tempo mínimo de dez anos dende a data de recepción das obras. Consonte con esta previsión, a Fundación formalizará con cada unha das entidades, un acordo de cesión de uso onde se reflicta, entre outras, as condicións de utilización dos espazos postos a disposición e a duración da dita cesión en atención ao contido desta cláusula.





Contratar a redacción dos estudos e proxectos necesarios, así como a dirección e execución das obras contidas nestes para a construción do CEIPAC, adecuación de espazos do CISUG e da ACSUG, no edificio Fontán.

Definir os proxectos para levar a cabo as actuacións contempladas na cláusula segunda para o desenvolvemento do presente convenio.

Levar a tramitación e adxudicación do contrato que lle corresponda, respecto das actuacións que deberá executar esta última, así como o seguimento, control e supervisión dos proxectos que execute a entidade no marco do presente convenio.

Garantir que as actividades derivadas deste convenio axústanse ás normas procedimentais e materiais vixentes, debendo informar diso á Consellería por medio da comisión de seguimento.

Difundir e facer constar, de forma visible, a colaboración prestada por Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria nas comunicacións ou publicacións nas que se difunda información relativa ás actividades desenvolvidas para a execución do proxecto obxecto deste convenio.

QUINTA.- Financiamento

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria traspasa á Fundación Cidade da Cultura de Galicia, a dotación orzamentaria que figura a continuación, por importe de dezaseis millóns novecentos noventa e oito mil setenta e tres euros con sesenta e sete céntimos (16.998.073,67 €), con destino a gastos de investimento (subgrupo contable 21: inmovilizado material). A dita aportación da Consellería se articula a través dunha transferencia de capital á Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

O orzamento total previsto para a realización do proxecto obxecto da colaboración ascende á cantidade de dezaseis millóns novecentos noventa e oito mil setenta e tres euros con sesenta e sete céntimos (16.998.073,67 €) oito millóns cincocentos mil euros (8.500.000,00 €) con cargo ao Plan galego de financiamento universitario 2016-2020 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29 de outubro de 2015, DOG número 221, do 19 de novembro), e oito millóns catrocentos noventa e oito mil setenta e tres euros con sesenta e sete céntimos (8.498.073,67 €), con cargo a fondos propios libres da Comunidade Autónoma sen prexuízo da minoración que poda producirse no caso de recibirse achegas do Estado para estes fins, de acordo coa seguinte distribución:





Aplicación orzamentaria	Código de proxecto	Mod.	Ano 2018	Ano 2019	Ano 2020	Ano 2021
10.40.561B.743.15	0000 0000	1010 (N)	--	1.000.000,00 €	5.500.000,00 €	1.998.073,67 €
		1410 (N)	700.000,00 €	2.500.000,00 €	2.800.000,00 €	2.500.000,00 €
		Suma total	700.000,00 €	3.500.000,00 €	8.300.000,00 €	4.498.073,67 €

Non obstante o anterior, en función do efectivo ritmo de execución das obras, a distribución de anualidades poderán ser obxecto de reaxuste en función da dispoñibilidade orzamentaria existente en cada momento, sen que sexa precisa a autorización do Consello da Xunta cando non se supere o número de anualidades previstas no presente convenio.

A dotación económica de 2.500.000,00 € que se consigna na Modalidade-1410 (N), para a anualidade de 2021, imputarase ao novo plan de financiamento que se aprobe para ese período.

Esta cantidade de dezaseis millóns novecientos noventa e oito mil setenta e tres euros con sesenta e sete céntimos (16.998.073,67 €) trátase dun importe certo e corresponde ao financiamento da redacción do custo de elaboración de criterios de sustentabilidade do edificio, redacción do proxecto básico e de execución, construción do edificio e dirección e coordinación da obra; queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total de execución da actividade obxecto do convenio. A Fundación Cidade da Cultura de Galicia xustificará as inversións realizadas nas actuacións definidas na cláusula segunda, mediante certificación emitida pola directora xerente da entidade ou polo director Económico-Financeiro. Esta certificación quedará ao obxecto de comprobación e aceptación por parte da Consellería.

No caso de existir baixas económicas nas adxudicacións realizadas o crédito sobrante poderá destinarse a asumir posibles modificacións do proxecto e custos asociados á liquidación das obras. Tamén se poderán incluír aqueles investimentos en equipamento científico-tecnolóxico, infraestruturas de equipamento e mobiliario de laboratorio consonte aos fins para os que se executa a obra.

SEXTA.- Fórmula de pagamento

As aportacións de capital se librarán en atención ao ritmo de execución do gasto de capital da Fundación. A Consellería traspasará fondos por importe de 700.000,00 € na anualidade 2018, 3.500.000,00 € na anualidade 2019, 8.300.000,00 € na anualidade 2020 e 4.498.073,67 € na anualidade 2021 mediante unha transferencia de capital á Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

Para o pagamento, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia achegará antes do 30 de decembro de cada anualidade a documentación xustificativa que se sinala no parágrafo inmediatamente posterior.



A Fundación Cidade da Cultura de Galicia xustificará as inversións realizadas nas actuacións definidas na cláusula segunda, mediante certificación emitida pola directora xerente da entidade ou polo director Económico-Financeiro. Esta certificación quedará ao obxecto de comprobación e aceptación por parte da Consellería.

En caso de non execución das actuacións, a Fundación restituirá as cantidades aportadas pola consellería participante no presente acordo, reducindo proporcionalmente os importes xerados polas actuacións que se tivesen realizado á data do acordo de resolución.

Estes fondos propios da Consellería teñen como única finalidade a execución deste Acordo de colaboración, e polo tanto non son consolidables.

SÉTIMA.- Natureza xurídica

O presente convenio ten natureza administrativa e como tal se atopa excluído do ámbito de aplicación da Lei de Contratos del Sector Público. Este convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e realízase ao amparo do establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A FCdC por ter a consideración de poder adxudicador de acordo co artigo 3.3.b) da Lei de contratos do sector público, está sometido en canto a contratación de obras, subministracións e servizos o establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro.

Igualmente, está informada pola LEI 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, en canto que as relacións entre os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais que integran o sector público autonómico están suxeitas aos principios de cooperación, colaboración e asistencia recíprocas a fin de garantir a eficacia do sector público e o uso eficiente dos recursos públicos. Os principios de colaboración, cooperación e asistencia no ámbito interno do sector público autonómico faranse efectivos a través de, entre outros, outros instrumentos e procedementos que de maneira común e voluntaria establézanse.

Conforme ao previsto no artigo 2.2 Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, non se considera subvención e non están comprendidas no ámbito de aplicación da dita lei, as achegas dinerarias entre diferentes Administracións públicas, para financiar globalmente a actividade da Administración á que vaian destinadas, e as que se realicen entre os distintos axentes dunha Administración cuxos orzamentos se integren nos Orzamentos Xerais da Administración á que pertencen, tanto se se destinan a financiar globalmente a súa actividade como á realización de actuacións concretas a desenvolver no marco das funcións que teña atribuídas, sempre que non resulten dunha convocatoria pública. Esta mesma previsión se recolle no artigo 38 do Decreto



11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Visto o anterior, a achega a realizar pola Consellería á Fundación Cidade da Cultura de Galicia, non ten a consideración de subvención.

OITAVA.- Responsabilidade

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Consellería, de tal xeito que non se lle pode exixir ningunha responsabilidade, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

NOVENA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, créase unha comisión mixta constituída do seguinte modo:

- Dous membros da Consellería, dos que un actuará como presidente/a.
- Dous membros da FCdC.

Esta comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, e promoverá, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas ao obxecto do convenio serán resoltas pola Consellería.

DÉCIMA.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, sen prexuízo de que poida atender accións realizadas desde o 01 de xaneiro de 2018, e terá vixencia ata o 31 de decembro do 2021.

Non obstante o establecido no apartado anterior, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por renuncia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, logo de audiencia desta e con, polo menos, un mes de antelación..

UNDÉCIMA.- Publicidade

A sinatura do presente acordo de colaboración suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm.149 do 3 de agosto).



Este convenio incluírase no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia a que se refire o Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Conforme ao previsto no artigo 53.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que sinala que dentro dos tres meses seguintes á subscripción dun convenio cuxos compromisos económicos asumidos superen os 600.000 €, deberá ser remitido electrónicamente ao Consello de Contas.

DECIMOSEGUNDA .- Resolución de controversias

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, execución, modificación, resolución e efectos que puidesen derivarse da aplicación do presente convenio deberán solucionarse de mutuo acordo das partes no seo da Comisión de Seguimento constituída. Se non resultase posible alcanzar o devandito acordo, tales cuestións serán resoltas de acordo co establecido para os conflitos de atribucións na Lei 16/2010, de 17 de setembro, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral e do sector público.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano e rubrícano por duplicado, no mesmo lugar e data que se indica ao comezo.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

O Secretario do Padroado da Fundación
Cidade da Cultura de Galicia

Román Rodríguez González

Jesús Oitavén Barcala

